

Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Persoal, oposicións

BASES XERAIS PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN

BASES XERAIS DAS CONVOCATORIAS QUE HAN DE REXER NOS PROCEDEMENTOS SELECTIVOS PARA O INGRESO POR CONCURSO-OPOSICIÓN E CONCURSO DE MÉRITOS MEDIANTE O SISTEMA DE ACCESO LIBRE DAS PRAZAS CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA E PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE O PROCESO EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LALÍN (PONTEVEDRA)

BASE PRIMEIRA.-NORMATIVA APLICABLE.

As probas que se establecen nesta convocatoria seranlle de aplicación: a Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (derivada do Real Decreto-Lei 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público); o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017; Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022 e as Bases da presente convocatoria.

BASE SEGUNDA. PRAZAS QUE SE CONVOCAN E DOTACIÓN.

É obxecto destas bases regular as convocatorias para a provisión, mediante o sistema de acceso libre e a través do procedemento de concurso-oposición e concurso de méritos (segundo o caso), dentro dun proceso excepcional de estabilización de emprego temporal do excelentísimo Concello de Lalín, como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral correspondentes á OEP do ano 2022 (publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 95, de data 19 de maio de 2022), segundo a seguinte relación:



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

PRAZAS FUNCIONARIOS

Clasificación Art. 76 RDL 5/2015, 30 outubro	CLASIFICACIÓN			Nº DE VACANTES	DENOMINACIÓN	PROCEDEMENTO	OBSERVACIÓNS
	ESCALA	SUBESCALA	CLASE				
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR	1	TÉCNICO/A URBANISMO	CONCURSO	XORNADA PARCIAL 51,40%
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR	2	ASESOR/A XURÍDICO	CONCURSO	
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR	1	RESPONSABLE CIM-PSICÓLOGO/A	CONCURSO	
A1	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR	1	EDUCADOR/A FAMILIAR	CONCURSO	
A2	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA	3	TRABALLADOR/A SOCIAL	CONCURSO	
B	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA	1	TÉCNICO/A DE INFORMÁTICA	CONCURSO	
A1	ADMINISTRACIÓN XERAL	TÉCNICA		1	COORDINADOR/A DE DEPORTES	CONCURSO	
A1	ADMINISTRACIÓN XERAL	TÉCNICA		1	TÉCNICO/A DE SOSTIBILIDADE	CONCURSO	
A1	ADMINISTRACIÓN XERAL	TÉCNICA		1	TÉCNICO/A DE RECURSOS HUMANOS	CONCURSO	
A1	ADMINISTRACIÓN XERAL	TÉCNICA		2	AXENTE DE IGUALDADE	CONCURSO	
A2	ADMINISTRACIÓN XERAL	TÉCNICA		1	ORIENTADOR/A LABORAL	CONCURSO	
A2	ADMINISTRACIÓN XERAL	TÉCNICA		1	TÉCNICO/A MEDIO DE EMPREGO	CONCURSO	
C2	ADMINISTRACIÓN XERAL	AUXILIAR		1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE TESOURERÍA	CONCURSO	
C2	ADMINISTRACIÓN XERAL	AUXILIAR		1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE CALIDADE	CONCURSO	
C2	ADMINISTRACIÓN XERAL	AUXILIAR		1	AUXILIAR DE BIBLIOTECA	CONCURSO	
AGP	ADMINISTRACIÓN XERAL	SUBALTERNO		4	CONSERXES	CONCURSO-OPOSICIÓN	3 XORNADA COMPLETA E 1 XORNADA PARCIAL 50%
AGP	ADMINISTRACIÓN XERAL	SUBALTERNO		1	CONSERXE	CONCURSO	
AGP	ADMINISTRACIÓN XERAL	SUBALTERNO		2	RECEPCIONISTA	CONCURSO	

PRAZAS LABORAIS

Clasificación Art. 76 RDL 5/2015, 30 outubro	Nº DE VACANTES	DENOMINACIÓN	PROCEDEMENTO	OBSERVACIÓNS
A2	1	PROFESOR/A MÚSICA	CONCURSO-OPOSICIÓN	
A2	10	PROFESOR/A MÚSICA	CONCURSO	
C1	1	TÉCNICO/A ESPECIALISTA/LOCUTOR/A DE RADIO	CONCURSO	
C2	1	LOCUTOR/A DE RADIO	CONCURSO	
C2	1	MONITOR/A DEPORTIVO/A	CONCURSO	
C2	3	MONITOR/A DEPORTIVO/A	CONCURSO-OPOSICIÓN	2 XORNADA COMPLETA E 1 XORNADA PARCIAL 50%
C2	4	MONITOR/A SOCORRISTA	CONCURSO	
AGP	6	AUXILIAR GRUPO DE EMERXENCIAS	CONCURSO	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QVY665NA1DKQKCH



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

Clasificación Art. 76 RDL 5/2015, 30 outubro	Nº DE VACANTES	DENOMINACIÓN	PROCEDEMENTO	OBSERVACIÓNS
AGP	1	ENCARGADO/A DE MANTEMENTO	CONCURSO	
AGP	2	OPERARIO/A CONDUTOR DE SERVIZOS MÚLTIPLES	CONCURSO	
AGP	2	OPERARIO/A DE LIMPEZA	CONCURSO	
AGP	5	OPERARIO/A DE LIMPEZA	CONCURSO-OPOSICIÓN	4 XORNADA PARCIAL 50% E 1 XORNADA COMPLETA

Todas as prazas anteriormente mencionadas son de carácter estrutural, están vacantes e dotadas orzamentariamente.

BASE TERCEIRA. REQUISITOS XERAIS DE PARTICIPACIÓN.

1) Ser español ou nacional dos Estados membros da Unión Europea, así como aqueles aos que fai referencia o art. 57 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co alcance e efectos nel previstos.

2) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

3) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da fixada para a xubilación forzosa por idade.

4) Estar en posesión da titulación esixida de acordo á clasificación establecida no artigo 76 do TREBEP, disposición transitoria 3.^a e a disposición adicional 6.^a definida a continuación:

- Grupo/subgrupo A1: Título universitario de grado, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.
- Grupo/subgrupo A2: Título universitario de grado, diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou equivalente.
- Grupo/subgrupo B: Título de Formación Profesional de Grado Superior ou Técnico Superior en FP ou equivalente.
- Grupo/subgrupo C1: Título de bacharelato, técnico ou equivalente.
- Grupo/subgrupo C2: Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente.
- Grupo E (agrupacións profesionais): Certificado de escolaridade ou equivalente.

5) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeña, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, aa homologación.



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

6) Para determinadas prazas, poderase esixir nos Anexos específicos que se establezan, estar en posesión de determinados permisos, licenzas ou titulación específica, de conformidade cos postos a desempeñar.

Todos os requisitos esixidos nestas Bases, e especificados nos citados Anexos, entenderanse referidos á data en que remate o prazo de presentación de instancias, excepto o requisito xeral indicado no parágrafo anterior e o requisito de titulación por serlle esixido para desempeñar a praza no momento da súa incorporación temporal.

BASE CUARTA. PRINCIPIO DE IGUALDADE DE TRATO.

As convocatorias cumprirán co principio de igualdade de trato entre mulleres e homes no acceso ao emprego público, de acordo co que establece o artigo 14 da Constitución Española, o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de Mulleres e Homes.

BASE QUINTA. INSTANCIAS E DOCUMENTOS A PRESENTAR.

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán achegar a súa solicitude debidamente cuberta durante o prazo de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE, no modelo oficial que figura no Anexo VI ao final destas bases e que tamén se facilitará por este Concello no Rexistro Xeral e/ou na páxina web municipal www.lalin.gal.

As solicitudes dirixiranse á Alcaldía deste Concello y presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das formas establecidas no artigo 16 de la Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, deberán comunicar ao Concello a remisión da solicitude dentro do prazo de presentación de instancias, por fax, correo electrónico ou calquera outro medio polo que quede acreditado.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Copia simple do DNI, pasaporte ou documento de identificación.
- Copia simple do documento que acredite a titulación académica requirida como requisito para acceder ao proceso selectivo.
- De ser o caso, copia simple do certificado que acredite ter obtido o CELGA correspondente, ou equivalente, co que quedarán exentos do exame de galego.
- Fotocopia compulsada ou certificación acreditativa dos méritos que aleguen, non téndose en conta os presentados e obtidos unha vez concluído o prazo de presentación de instancias. A experiencia profesional deberán acreditala mediante a presentación do informe de vida laboral da Seguridad Social máis os contratos de traballo e/ou certificados expedidos polo órgano competente, en cada Administración.
- A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

BASE SEXTA. ADMISIÓN DE CANDIDATOS.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisoria de admitidos e excluídos. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da casa do Concello e da sede electrónica, sinalándose un prazo de dez (10) días, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no BOP, conforme ao disposto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en sucesivas citas LPAC), para que os aspirantes excluídos podan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicárase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das petición de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique o listado definitivo de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido dito prazo, o Alcalde ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP, de conformidade co establecido na LPAC, ou se poderá interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en tódolos dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Na resolución pola que se publicarán as listas definitivas, indicárase os candidatos que estean eximidos do deber de realizar o exercicio de coñecemento do galego.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación. Os candidatos autorizan o tratamento destes datos para a finalidade indicada.

BASE SÉTIMA. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Alcalde, publicándose a súa composición coa lista definitiva das persoas do presente proceso selectivo.



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros en todo caso pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao que optan os aspirantes.

Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaboraran durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designou, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, conforme ao disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo y promoción profesional de los funcionarios civís da administración xeral do Estado.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.

A solicitude de recusación poderase presentar de maneira electrónica a través do rexistro do Concello de Lalín.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto, excepto a persoa que ostente a condición de secretaria do tribunal, que terá voz, pero non voto.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúa, e da metade, polo menos, dos seus membros. O tribunal, por medio do seu presidente, poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Así mesmo, o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan expoñerse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico sector público e do procedemento administrativo común a través do recurso de alzada, de acordo con o precisado



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O recurso de alzada poderá presentarse de maneira electrónica a través do rexistro do Concello de Lalín.

Alternativamente poderase presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Lalín, ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interpoñerse recurso ante a autoridade que nomee ao seu presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, e no caso de que sexan nomeados para o presente procedemento, abonaráselles as indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente en cada momento.

As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

BASE OITAVA. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN CONCURSO-OPOSICIÓN:

Se a praza á que se opta vén determinada na base 2ª mediante o sistema de provisión de concurso-oposición, o sistema selectivo desenvolverase conforme ás seguintes fases:

- a) Fase de oposición.
- b) Fase de concurso.

A) FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e consistirá na realización dunha proba de natureza eliminatoria, que se especificarán no Anexo I da presente base de convocatoria. A puntuación máxima da fase de oposición será de 60 puntos e para superala entenderase que debe ter unha puntuación de 30 puntos ou superior. O temario de cada praza virá determinado no Anexo V.

B) FASE DE CONCURSO

Consistirá na cualificación dos méritos alegados no momento da solicitude de participación, de acordo co baremo de méritos establecido no Anexo I. Só poderán valorarse aqueles méritos obtidos antes da data en que remate o prazo de admisión de instancias da convocatoria. A fase



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

de concurso non terá carácter eliminatorio. A puntuación máxima da fase de concurso será de 40 puntos.

Valoraranse os méritos de acordo á seguinte puntuación conforme se establece no ANEXO I:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÉRITOS PROFESIONAIS)

A puntuación máxima que se outorgará neste apartado será de 36 puntos.

b) FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (MÉRITOS ACADÉMICOS)

A puntuación máxima que se outorgará neste apartado será de 4 puntos.

A cualificación final do proceso selectivo mediante concurso-oposición terá unha puntuación máxima de 100 puntos, e virá determinada pola suma das puntuacións das fases de concurso e de oposición.

Unha vez iniciado o proceso de selección, os anuncios das sucesivas probas, así como as puntuacións, publicaranse na sede electrónica municipal, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello www.lalin.gal.

Concederase un prazo de 5 días hábiles para efectos de alegacións que se contará desde o día seguinte ao da publicación na páxina web www.lalin.gal, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello das cualificacións finais.

Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal formulará a lista de candidatos para o posto, por orde de puntuación obtida, con indicación da cualificación obtida, que será remitida á Alcaldía.

A Alcaldía, atendendo ao artigo 61.8 do EBEP, ditará a correspondente resolución coa relación de persoas candidatas ordenada polas puntuacións alcanzadas.

BASE NOVENA. PROBA SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece:

“(…) para darle cumprimento a la normalización del idioma gallego en las Administraciones Públicas de Galicia y para garantizar el derecho al uso del gallego en las relaciones con las Administraciones Públicas en el ámbito de la Comunidad Autónoma, así como la promoción del uso normal del Gallego por parte de los poder públicos de Galicia, en las pruebas selectivas que se realicen para el acceso a los puestos de las Administraciones Públicas incluidas en el ámbito de aplicación de esta ley se incluirá un examen de gallego, excepto para aquellas personas que acrediten el conocimiento de lengua gallega conforme la normativa vigente. Las bases de las convocatorias de los procesos selectivos establecerán el carácter y, si es el caso, la valoración del conocimiento de la lengua gallega”.

Por tanto, consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un texto, facilitado polo Tribunal, de castelán a galego ou



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

de galego para o castelán. Esta proba terá a duración de 30 minutos e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedarán eliminadas as persoas aspirantes que non alcancen a cualificación de apto ou apta.

Estarán exentas da realización desta proba, as persoas aspirantes que estean en posesión do CELGA correspondente, ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente, en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa Disposición Adicional Segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

BASE DÉCIMA. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN CONCURSO.

Se a praza á que se opta vén determinada na base 2ª mediante o sistema de provisión de concurso, o sistema selectivo desenvolverase nunha única fase que será a de concurso de méritos.

O concurso consistirá na valoración, polo tribunal cualificador, dos méritos alegados e que acreditasen as persoas aspirantes no momento da solicitude de participación, nos termos establecidos nas presentes bases xerais e de acordo co baremo de méritos establecido nos Anexos II, III e IV. A puntuación total alcanzable será, en tódolos casos, de 100 puntos, na que se terá en conta, tanto a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate como a formación complementaria específica.

A valoración dos méritos do sistema de concurso, en consonancia co proceso de estabilización do emprego temporal de longa duración obxecto da convocatoria, ten en conta principalmente a experiencia profesional no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate. Este aspecto enténdese como un factor fundamental a ter en conta nos méritos achegados polos aspirantes, indicativos do grao de coñecemento e práctica no desenvolvemento das funcións propias do posto obxecto da convocatoria, así como dos procedementos, tarefas, condicións e medios necesarios para o seu adecuado cumprimento. Os demais méritos avaliados no concurso responden ás características e requisitos necesarios para o mellor desempeño do cargo ao que postula.

Unha vez iniciado o proceso de selección, os anuncios das sucesivas probas, así como as puntuacións, publicaranse no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello www.lalin.gal.

A puntuación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración de méritos profesionais e méritos académicos. Concederase un prazo de 5 días hábiles a efectos de alegacións que se contarán a partir do día seguinte á publicación na páxina web www.lalin.gal, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello das puntuacións dos exercicios correspondentes.

Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal formulará a lista de candidatos para o posto, por orde de puntuación obtida, con indicación da cualificación obtida, que será remitida á Alcaldía.



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

A Alcaldía, de acordo co artigo 61.8 da EBEP, ditará a correspondente resolución coa lista de candidatos ordenada polas puntuacións obtidas.

En todo o non previsto nestas Bases estarase ao disposto na normativa sobre acceso dos empregados públicos.

Así mesmo, as presentes Bases e cuantos actos administrativos deriven desta convocatoria, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

BASE UNDÉCIMA. CRITERIOS DESEMPATE.

-No suposto de empate entre dous ou máis candidatos na cualificación final obtida por estes nos procesos selectivos por concurso- oposición, seguiranse sucesivamente se fose necesario, os seguintes criterios para resolver o empate:

a) Resolverase a favor do aspirante con maior experiencia nos tres últimos anos na administración convocante e no posto en cuestión, motivado polo menor gasto segundo criterio de sostibilidade orzamentaria, e en aplicación do cumprimento da obrigaición de que non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto.

b) No caso de que persista o que teña maior experiencia total na administración convocante e no posto en cuestión.

c) Resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición.

d) Resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso.

e) No caso de que os candidatos empatados ningún deles posúa antigüidade neste Concello, resolverase a favor do aspirante que posúa maior antigüidade na Administración Local.

Concederase un prazo de 5 días hábiles para efectos de alegacións que se contará desde o día seguinte ao da publicación na páxina web www.lalin.gal, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello das cualificacións finais.

-No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis aspirantes nos procedementos selectivos de concurso acudirase aos seguintes criterios segundo a orde de prelación establecida ata que se resolva:

a) Resolverase a favor do aspirante con maior experiencia nos tres últimos anos na administración convocante e no posto en cuestión, motivado polo menor gasto segundo criterio de sostibilidade orzamentaria, e en aplicación do cumprimento da obrigaición de que non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto.

b) No caso de que persista o que teña maior experiencia total na administración convocante e no posto en cuestión.



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

c) No caso de que os candidatos empatados ningún deles posúa antigüidade neste Concello, resolverase a favor do aspirante que posúa maior antigüidade na Administración Local.

d) En caso de persistir será resolvido o que teña maior formación.

Concederase un prazo de 5 días hábiles para efectos de alegacións que se contará desde o día seguinte ao da publicación na páxina web www.lalin.gal e no taboleiro de anuncios do Concello das cualificacións finais.

BASE DUODÉCIMA. RELACIÓN DE APROBADOS E NOMEAMENTO.

Terminada a cualificación dos aspirantes, O Tribunal publicará resolución final co nome do aprobado e puntuación nos taboleiros de anuncios das dependencias nas que se efectuaron as probas, na sede electrónica e na páxina Web deste Concello www.lalin.gal e elevará dita resolución á Presidencia da Corporación para que formule o nomeamento e contratación.

Con todo, ao anterior, sempre que o Tribunal propuxese o nomeamento ou a contratación de igual número de persoas aspirantes que de prazas convocadas, na proposta tamén figurará unha relación complementaria, por orde descendente da puntuación alcanzada, daqueles aspirantes que non fosen propostos para a selección e nomeamento, atendendo ao artigo 61.8 do EBEP. A resolución publicarase no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello www.lalin.gal e no BOP de Pontevedra.

O aspirante proposto presentará no Rexistro electrónico do Concello mediante o procedemento específico, dentro do prazo de 10 días hábiles a partir da publicación da lista de aprobados, a seguinte documentación:

-Informe médico oficial actualizado, polo que non deberá ter unha antigüidade superior a tres meses, contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba a persoa aspirante seleccionada, no que conste que non se padece enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondente ao posto de traballo ao que se opta.

-Declaración responsable de non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo das administracións públicas, nin atoparse en situación de inhabilitación para o exercicio das funcións públicas.

-Declaración responsable de que a persoa proposta non está incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente. Se non se presenta en prazo a documentación requirida, quedará sen efecto o nomeamento realizado, ditándose o oportuno Decreto da Alcaldía.

A Alcaldía deberá de nomear funcionario ao aspirante proposto, no prazo de quince días a contar dende a terminación dos dez días hábiles anteriores. O nomeamento mencionado publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na sede electrónica municipal e no Taboleiro de Anuncios do Concello. Unha vez publicado o nomeamento de funcionario, este deberá tomar posesión ou incorporarse no prazo dun mes.



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

No caso de persoal laboral, procederase á formalización do correspondente contrato de traballo e a incorporación ao posto de traballo dentro do prazo que se estableza. Poderá establecerse a superación do período de proba que corresponda de acordo coa normativa laboral, co que se culmina o proceso e o traballador adquirirá a condición de empregado público.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

BASE DÉCIMOTERCEIRA. BOLSA TRABALLO.

De acordo co disposto na Disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, créase unha bolsa de traballo de persoal laboral temporal para todas as prazas das presentes Bases excepto para as seguintes prazas que xa contan cunha Bolsa de emprego actual: Administrativo/a, Auxiliar Administrativo/a, Conserxe e Profesor/a Música.

Neste sentido, o Tribunal, ademais de facer pública a proposta de aspirantes aprobados, publicará, no seu caso, unha única relación, por orde de preferencia, dos aspirantes que, aínda non obtendo a praza, considéranse capacitados para a prestación de servizos con carácter temporal en posto análogo. Para considerarse capacitado en todo caso haberá de terse un mínimo de 30 puntos.

A vixencia desta bolsa de traballo manterase durante dous anos.

A provisión de postos cos candidatos integrantes da Bolsa de Traballo axustarase ao procedemento que se describe nos seguintes puntos:

1. A/s persoa/s á/s que se efectúe o chamamento será/n a/s que nese momento se atope/n a/s primeira/s na relación. Excluirase do citado chamamento a quen nesa data estea a prestar servizos, como consecuencia de contrato temporal suscrito pola súa pertenza á Bolsa de Traballo regulada nesta disposición.

2. Os chamamentos realizaranse por calquera medio admisible en Dereito que deixe constancia fidedigna do mesmo e da súa data, sendo a notificación electrónica o medio preferente de comunicación cos interesados. Contactado co interesado, este dispoñerá dun prazo de 1 día, a partir dese momento, para dar unha resposta. De non recibirse a mesma no devandito prazo, considerarase que renuncia inxustificadamente á oferta, quedando excluído da Bolsa. Se non se presenta para subscribir o correspondente contrato de traballo, tamén se considerará que renuncia á oferta, quedando excluído da Bolsa.

3. A extinción do contrato por baixa voluntaria do persoal comportará, en todo caso, a exclusión da Bolsa de Traballo correspondente.



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

4. Unha vez finalizado o contrato suscrito, o interesado reincorporarase á Bolsa de Traballo correspondente, non perdendo a orde na relación, sen que para iso sexa necesaria comunicación algunha por parte do interesado.

BASE FINAL.

Todos os procesos selectivos deberán estar finalizados con anterioridade ao 31 de decembro de 2024.

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

O acordo polo que se aproban as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo o establecido en ou artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así mesmo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (artigos 123 de 124 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá presentar o recurso contencioso-administrativo (artigos 123 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

ANEXO I

1.- CONCURSO-OPOSICIÓN. Os requisitos dos aspirantes, os méritos, as puntuacións e baremo de méritos a ter en conta no Concurso-Oposición, especifícanse a continuación:

A) 3 PRAZAS DE CONSERXES XORNADA COMPLETA. SUBGRUPO AGP

- Natureza: Funcionario.
- Escala: Administración Xeral
- Subescala: Subalterno



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

-Sistema selectivo: Concurso-Oposición. Artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

-Número de Prazas: 3

-Quenda libre: 3

Requisitos específicos:

-Estar en posesión do Certificado de escolaridade ou equivalente, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

B) 1 PRAZAS DE CONSERXES XORNADA PARCIAL 50 %. SUBGRUPO AGP

-Natureza: Funcionario.

-Escala: Administración Xeral

-Subescala: Subalterno

-Sistema selectivo: Concurso-Oposición. Artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

-Número de Prazas: 1

-Quenda libre: 1

Requisitos específicos:

-Estar en posesión do Certificado de escolaridade ou equivalente, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

C) 1 PRAZA DE PROFESOR/A DE MÚSICA. SUBGRUPO A2.

-Natureza: Laboral.

-Sistema selectivo: Concurso-Oposición. Artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

-Número de Prazas: 1

-Quenda libre: 1



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

Requisitos específicos:

-Estar en posesión ou en condicións de obter o Título de Grado Medio de Música e habilitante para a docencia na materia, u outros equivalentes que habiliten para o exercicio desta docencia, segundo establecen as directivas comunitarias, ou aquele outros homologados equiparables ao anterior por disposición normativa.

D) 2 PRAZAS XORNADA COMPLETA DE MONITOR/A DEPORTIVO/A. SUBGRUPO C2

-Natureza: Laboral.

-Sistema selectivo: Concurso-Oposición. Artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

-Número de Prazas: 2

-Quenda libre: 2

Requisitos específicos:

-Estar en posesión do Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

-Estar en posesión Fp básico en actividades físicas e deportivas ou asimilados.

E) 1 PRAZAS DE MONITOR/A DEPORTIVO/A XORNADA PARCIAL 50%. SUBGRUPO C2

-Natureza: Laboral.

-Sistema selectivo: Concurso-Oposición. Artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

-Número de Prazas: 1

-Quenda libre: 1

Requisitos específicos:

-Estar en posesión do Título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

-Estar en posesión Fp básico en actividades físicas e deportivas ou asimilados.

F) 1 PRAZAS DE OPERARIO/A DE LIMPEZA XORNADA COMPLETA. SUBGRUPO AGP

- Natureza: Laboral.



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

-Sistema selectivo: Concurso-Oposición. Artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

-Número de Prazas: 1

-Quenda libre: 1

Requisitos específicos:

-Estar en posesión do Certificado de escolaridade ou equivalente, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

G) 4 PRAZAS DE OPERARIO/A DE LIMPEZA XORNADA PARCIAL 50%. SUBGRUPO AGP

- Natureza: Laboral.

-Sistema selectivo: Concurso-Oposición. Artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

-Número de Prazas: 4

-Quenda libre: 4

Requisitos específicos:

-Estar en posesión do Certificado de escolaridade ou equivalente, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

BAREMO DE MÉRITOS:**A) FASE DE OPOSICIÓN (MÁXIMO 60 PUNTOS)**

a) EXERCICIO TEÓRICO PRÁCTICO (ata 60 puntos).

Tipo Test. De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos aspirantes.

Consistirá na realización dun cuestionario tipo test de 60 preguntas con varias respostas alternativas proposto polo Tribunal sobre o temario que figura no programa da convocatoria nun tempo máximo de dúas horas.

O cuestionario cualificarase da seguinte forma: Para a súa cualificación terase en conta o número total de respostas acertadas. Cada resposta correcta sumará 1 punto e por resposta incorrecta restarase 0,25 puntos. A puntuación total destas será minorada nun acerto por cada 4 erros, de forma que superarán o exercicio os aspirantes que contesten correctamente ao 50% das preguntas, unha vez aplicada a minoración procedente, obtendo a cualificación de "NON APTO" os que non alcancen a devandita porcentaxe. As preguntas non contestadas (ou en branco) non afectarán o cómputo de erros.



Mércores, 28 de decembro de 2022

Núm. 247

Cualificarase de 0 a 60 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 30 puntos.

